

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN  
CURRICULAR.  
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE INFANTE FELIPE  
DATA: ABRIL/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



## ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios de promoción.**
3. **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.**
4. **Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022.**

<b>1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado</b>	
<b>1.1. Criterios para establecer medidas de reforzo educativo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.</li> <li>- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto no D.O. como de titores/as anteriores.</li> <li>- Análise dos resultados das avaliacións.</li> <li>- Observación directa do alumnado a través do traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.</li> <li>- Dispoñibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de Orientación.</li> </ul>
<b>1.2. Criterios avaliación alumnado con AC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación do alumnado con AC segundo a súa propia adaptación e segundo os obxectivos establecidos para el/ela.</li> <li>- Revisión da AC segundo a evolución do alumnado con adaptación unha vez oído o titor/a e seguindo as pautas do Departamento de Orientación</li> <li>- Revisión da AC segundo a lexislación vixente.</li> <li>- Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.</li> </ul>
<b>2. Criterios de promoción</b>	
<b>2.1. Criterios de promoción (2º, 4º e 6º)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción automática con todas as materias aprobadas.</li> <li>- Promoción automática se o alumno/a xa permaneceu un curso máis en Educación Primaria independentemente das materias suspensas unha vez aplicado o plan de reforzo establecido para cada alumno que esté neste caso, e considerar cales son as súas necesidades. Facer unha ACS se fose o caso.</li> <li>- O alumno/a non poderá promocionar se non supera: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 2 materias instrumentais,</li> <li>• unha materia instrumental e dúas materias máis non instrumentais</li> </ul> </li> <li>- En 2º de EP non será posible a promoción se non adquire a competencia lingüística necesaria para o perfecto desenvolvemento en 3º de Educación Primaria.</li> <li>- Non caberá repetición dun alumno/a se non se aplicou un plan de reforzo establecido e individualizado en cada caso. Este plan debe serlle notificado á familia, mediante a correspondente titoría.</li> <li>- Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.</li> <li>- Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.</li> </ul>

<b>2.2. Criterios para a toma de decisións.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeito colexiado.</li> <li>- Tendo en conta criterios de promoción establecidos.</li> <li>- Consideración da información e o criterio do profesorado titor. As familias deben ser oídas respecto da promoción ou non dos seus fillos/as pero a toma de decisión sobre a promoción corresponde ao equipo docente, pesando máis a opinión do mestre/a titor/a.</li> </ul>
<b>2.3. Promoción automática</b>	1º, 3º e 5º cursos.
<b>3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas</b>	
<b>3.1. Criterios xerais</b>	<p>Artigo 5.4 da <i>Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Considerarase que un alumno/a merece unha mención honorífica se ao longo de toda a etapa de Educación Primaria destacou nunha materia, en varias ou en todas, con unha media de sobresaliente.</li> <li>- Tamén se terá en conta non ter suspendido ningunha materia ao longo da etapa.</li> <li>- A/O alumna/o deberá ter demostrado un rendemento académico excelente.</li> <li>- Teranse en conta aspectos actitudinais e procedimentais para outorgar a mención honorífica.</li> <li>- Deberá ter un expediente disciplinario intachable.</li> </ul>

#### **4. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022**

##### **4.1. Especificar o procedemento para o establecemento de medidas de reforzo educativo cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado ao longo do curso.**

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes, se os houberse, tanto do D.O. como de titores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións
- Observación directa do alumnado tanto do traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de

problemas.

- Disponibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de Orientación.
- Profesorado ARCO e PROA+ nos cursos que lle corresponda
- Reforzo individualizado nos demais cursos, tanto dentro como fora da aula, (neste caso previa autorización das familias) segundo criterio do Departamento de Orientación e oídos os titores/as.
- Intervención do Departamento de Orientación, a petición do titor/a, para establecer cales son as dificultades que presenta o alumno/a e tratar de darlle resposta o máis axiña posible.
- Considerar un cambio de metodoloxía, se así fose preciso, para adaptarnos ás circunstancias do alumnado.
- Avaliar a nosa propia práctica docente e ver cales son os puntos fortes e os puntos febles.

#### **4.2. Especificar os criterios de promoción en 2º, 4º e 6º cursos.**

- Promoción automática con todas as materias aprobadas.
- Promoción automática se o alumno/a xa permaneceu un curso máis en Educación Primaria independentemente das materias suspensas unha vez aplicado o plan de reforzo establecido para cada alumno que esté neste caso, e considerar cales son as súas necesidades. Facer unha ACS se fose o caso.
- En 2º de EP non será posible a promoción se non se supera o proceso do lecto-escritura que permita un perfecto desenvolvemento en 3º de Educación Primaria.
- O alumno/a non poderá promocionar se non supera:
  - 2 materias instrumentais,
  - unha materia instrumental e dúas materias máis non instrumentais

#### **4.3. Especificar os criterios para a elaboración do informe ao finalizar os cursos 2º e 4º sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.**

- Incluir un informe elaborado por cada titor/a onde se especifiquen as competencias que deben ser reforzadas no curso seguinte, establecendo cales son os puntos febles.
- Reforzar as competencias adquiridas como base para a adquisición das non adquiridas.
- Elaborar un modelo de informe que especifique o grao de adquisición de competencias básicas
- Especificar as medidas de reforzo que se aplicaron individualmente, comunicándoas ás familias.

#### **4.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

**VÉXASE MODELO ANEXO**